

R G T

Revista Galega de Teatro Inverno 2008 Número 57



TEXTOS / 54

Dúas mamás

de

Cándido Pazó

Dramaturxias clandestinas

Non sei se será moi acertado o uso que fago das dúas palabras que combino para pórllle título a esta presentación. Seguramente non, pero esas son dúas das palabras que, combinadas, me serven para tentar explicar a cerna e a evolución da obra dramática de Cándido Pazó. Digo que seguramente non sexan as palabras máis adecuadas, pero tamén sei que han vir outras persoas, con máis saber e coñecementos, para pór as cousas no seu sitio e chamar as cousas polo seu nome.

Sen dúbida os lectores e lectoras saben que cada persoa ten as súas teimas, as súas expectativas, as súas lecturas, as súas vivencias, polo que mira o mundo desde esa perspectiva, e non desde outra. Quero dicir que cando eu leo a obra de Cándido Pazó non podo máis que mirala cos meus ollos e con todo o que hai detrás deles, no meu maxín, na miña experiencia, moi limitada, no meu coñecemento, aínda moito máis limitado.

Ao mellor resulta que a Cándido Pazó, en tanto dramaturgo, acaba por pasarlle o que lle pasa a esa primeira muller, que traballa na casa dunha enfermeira solteira que ten que coidar de súa nai impedida, en aparencia moi enferma co alzheimer. Nada sabemos desa muller estranxeira que se ocupa en traballos que ninguén quere, pero que precisamente por iso están moi mal pagos, polo que, para poder cumprir as súas expectativas de nai emigrante con dependentes ao seu cargo, quizais unha filla pola que malvive e revive noite e día, debe ocuparse en todo tipo de traballos, ao mellor no restaurante da esquina, ata altas horas da madrugada, pero quizais tamén nun deses bares de alterne que hai na saída de aldeas, vilas e cidades, nos que sempre hai coches e que sempre provocan unha mirada de esguello dos que pasan de largo querendo entrar pero sen decidir en que momento.

Ao mellor esa primeira muller que coida enfermos dependentes, que mantén casa con dependentes, e que ocupa todas as horas de todos os seus días e de todas as súas noites en xuntar diñeiro para deixar de ser dependente, podería ser outra muller nun mundo diferente. Ao mellor, mesmo podería ser compañeira desa segunda muller que nin quere ser señora nin quere ser señorita, porque sabe que as tres mulleres que hai na casa, onde unhas viven e a outra traballa, padecen o mesmo mal. O mal da emigración. E os emigrantes veñen sendo como persoas clandestinas, tanto no país de partida como no país de acollida, pois coa partida perden moitos vínculos, quizais os máis queridos, e co seu desexo de volver canto antes non acaban por establecer vínculos con ese outro mundo que non habitan, no que apenas son sombras, seres anónimos que se moven entre a casa e o traballo, sen outra alegría que a esperanza dunha volta que sempre acaba en fracaso, porque a vida que tiñan que vivir xa pasou e tampouco non atopan acocho nas vidas dos que quedaron. Na fin, o emigrante acaba sendo un estraño para todos, para os de aquí e para os de alá. A visita á torre Eiffel non deixa de ser un símbolo da condición marxinal e clandestina do emigrante.

Dicía que ao mellor o Cándido Pazó dramaturgo vive esa mesma experiencia que vive a primeira muller, porque, como ela, el tamén se ten que ocupar de mil e un traballos para poder vivir cun aquel de dignidade e loitar contra a dependencia, porque non pode desenvolver adecuadamente unha profesión que ama profundamente, porque mesmo pode chegar a sufrir unha certa frustración ante o que podería ser pero non é, e ao mellor nunca será. Dicíao porque en Galicia os dramaturgos tamén son persoas clandestinas, que escriben nunha lingua que vén sendo como esa segunda mamá que sabemos que é a nosa mamá, pero que por razóns diversas nos negamos a recoñecer como tal. Os dramaturgos son sombras de escritores que transitan polo país sen habitalo, e coidan dunha lingua que semella padecer unha grave enfermidade, e teñen esa ocupación por mandado dunha filla que

tampouco non sabe moi ben que demo facer con súa nai, á que quere e á que non quere, pois así de dividido anda o ser de moitas persoas que habitan países en boa medida igualmente clandestinos, certamente invisibles.

Dicía, e digo, “ao mellor”, porque a medida que pasan os anos un vai sabendo que xa non sabe o que pensaba que sabía, e vai sendo consciente de que un xamais saberá todo aquilo que lle gustaría saber, aínda que tamén é certo que as cousas que un queredría saber agora xa non son as mesmas, pero tamén trocou o concepto mesmo de saber.

Esta peza breve de Cándido Pazó é moi fermosa, pero tamén moi dura, pois rabuña na conciencia. Fala de todos nós, e confróntanos co que somos, co que somos de verdade ao establecer un espello necesario cos outros, que nós xa miramos de maneira diferente pero que non deixan de ser o nós de hai ben pouco. A paisaxe emocional e vivencial desas tres mulleres é moi similar, e entre esas dúas paisaxes prodúcese unha alternancia cíclica. O neno que tiña dúas mamás, unha en Galicia e outra en Venezuela, non é moi diferente da nena que ten dúas mamás, unha en Venezuela e outra en Galicia, porque todos levamos nos xenes as marcas da emigración, pois a migración está na cerna do ser humano. Na fin, a primeira muller non deixa de ser unha sorte de terceira nai da segunda muller, pois nesa segunda muller ben podería recoñecer a filla que non ten, porque a súa filla xa ten outra mamá, que é a súa mamá.

Esta obra, fermosa e dura, fala de todas e todos nós, pero tamén fala, quizais sen quere-lo, de teatro. Coma un emigrante que habita un país que non é o seu, o Pazó dramaturgo habita un sistema teatral que non é, ao estar en permanente estado de construción, un simple esqueleto ao vento do sur. Por iso, a súa escrita é o que é, todo o que pode ser a cada momento, pero non o que podería chegar a ser se o sistema teatral fose o que debería ser. Lendo as obras de Cándido un pode chegar á conclusión, seguramente errada pero a única que se pode considerar propia de quen esto escribe, de que estamos ante un escritor case clandestino, que aparece e desaparece ao abeiro dos ventos que van soprando. E o Cándido vai escribindo, de certo, unha obra fermosa, pero sen continuidade, fragmentada, incompleta, como a vida desas dúas mulleres que ao falar se recoñecen como fillas e como nais igualmente clandestinas.

Hai algúns anos publicamos unha recensión dun outro texto do Cándido no *Faro da Cultura* e escolliamos un título que agora nos parece algo acertado. Falabamos dun *Memorial da derrota*, e escribiamos aquela crónica a propósito da lectura do texto titulado *Binomio de Newton*, unha aceda visión da vida de dous homes derrotados, que habitan un mundo que xa non é o seu, pois as paisaxes da súa memoria primeira xa non están. Lendo esta nova achega de Cándido non podemos deixar de considerar as peripecias das persoas nunha e noutra obra como vidas paralelas. Vidas paralelas que son derrota en todas esas persoas que habitan na máis absoluta clandestinidade, e non por que así o queiran, senón por imposición, por necesidade. Unha clandestinidade que afecta a todo o ser humano, pero sobre todo aos sentimentos.

E algo diso pasa no teatro galego, na nosa literatura, na nosa lingua, neste país..., noso? Ou non. Quen sabe... Eu, desde logo, non..., e cada vez menos.

Gracias Cándido.

MF Vieites

DÚAS MAMÁS

Salón dunha casa de clase media. Certo desorde. Un percheiro. Un sofá. Nel, vestida cun chandal ou cun atuendo cómodo pero favorecedor, dorme unha PRIMEIRA MULLER, de arredor de trinta anos.

Mírase unha porta que dá a outra estancia.

Desabrochando unha gabardina mollada, entra no salón unha SEGUNDA MULLER duns aínda frescos corenta e pico anos. Vén malhumorada. Leva unha desagradable sorpresa ao topar durmindo á PRIMEIRA MULLER. Obsérvaa por un intre. Pendura a gabardina e o bolso. Mira con severidade á PRIMEIRA MULLER. A PRIMEIRA MULLER esperta.

PRIMEIRA MULLER.- *(Espertando.)* Ah... ola...

SEGUNDA MULLER.- E ti..?

PRIMEIRA MULLER.- Estaba durmindo...

SEGUNDA MULLER.- Non, xa, era evidente!

PRIMEIRA MULLER.- E que onte tiveren un día que...

SEGUNDA MULLER.- Xa, e eu tíveno hoxe, e vouno ter mañá, seguramente, e pasado tamén... Pero eu non che pago para vires durmir!

PRIMEIRA MULLER.- Desculpe, foi sen querer...

SEGUNDA MULLER.- Peor aínda. Se fose a propósito sería moita cara, pero en fin... tamén eu no hospital boto unha cabezada de vez en cando. Pero así, sen querer...

PRIMEIRA MULLER.- Foi un despiste...

SEGUNDA MULLER.- Pois por iso mesmo, non quero despistes...!

PRIMEIRA MULLER.- De acordo, desculpe, pero... non sei, tampouco é para...

SEGUNDA MULLER.- É, si, é! Se teño contratada unha persoa é para estar eu tranquila, segura de que miña nai está ben atendida..!

PRIMEIRA MULLER.- E está ben atendida...

SEGUNDA MULLER.- Durmindo non sei eu como...

PRIMEIRA MULLER.- Foi un momento, un... E tampouco creo eu que haxa que estar todo o tempo coa vista enriba...

SEGUNDA MULLER.- Pois si, hai que estar. Hai que estar ao que hai que estar, que para iso che pago!

PRIMEIRA MULLER.- De acordo, se é por iso ten razón. Ten razón. Para iso me paga. Mire, a súa nai está perfectamente atendida, pero se considera que eu non fago o meu traballo segundo o seu gusto...

SEGUNDA MULLER.- Segundo o meu gusto, non, segundo o que ten que ser! Coidar dunha persoa impedida é estar pendente dela en todo momento. En todo momento! Se cadra no teu país é distinto, pero aquí...

PRIMEIRA MULLER.- Deixe, deixe, está ben! Non ten que darme máis explicacións. Procure, logo, unha persoa de aquí, e...

A PRIMEIRA MULLER vai recollendo as súas cousas, un abrigo, un bolso... Nun embarazoso silencio, a SEGUNDA MULLER obsérvaa, un pouco descolocada....

SEGUNDA MULLER.- *(Sen saber que dicir.)* Eh...

PRIMEIRA MULLER.- *(Dándolle unhas chaves.)* Aí ten a chave...

SEGUNDA MULLER.- Pero...

PRIMEIRA MULLER.- Despídame da súa nai...

SEGUNDA MULLER.- Miña nai, xa sabes que non...

PRIMEIRA MULLER.- *(Índose.)* Xa, pero... é igual, despídame dela de todas formas.

SEGUNDA MULLER.- Espera...

PRIMEIRA MULLER.- Non teño nada que esperar...

SEGUNDA MULLER.- É que...

PRIMEIRA MULLER.- Deixe, deixe, xa...

SEGUNDA MULLER.- Non sei, terei que pagarche o mes, polo menos...

PRIMEIRA MULLER.- O mes acaba de comezar, así que...

SEGUNDA MULLER.- Xa, pero..., a cada quen o seu. Canto che debo?

PRIMEIRA MULLER.- Setenta euros.

A SEGUNDA MULLER vai ao bolso. Saca un billete de 50, un de 10 e un de 100.

SEGUNDA MULLER.- Cincuenta, sesenta... vaia... Pois.... *(Ofrecéndolle o billete de 100)* Toma.

PRIMEIRA MULLER.- Non teño cambio...

SEGUNDA MULLER.- É igual...

PRIMEIRA MULLER.- Non, para iso déame os sesenta e xa...

SEGUNDA MULLER.- Espera (*Comeza a buscar na roupa e nos queixóns.*), seguro que teño por algures...

PRIMEIRA MULLER.- Tanto ten, señora, non se preocupe...

SEGUNDA MULLER.- (*Mentres busca.*) Nalgún pantalón, ou por algún queixón sempre queda...

PRIMEIRA MULLER.- Non importa, señora, deixe...

SEGUNDA MULLER.- (*Mentres busca.*) O de ser desordenada ten as súas vantaxes, sempre aparece algún billete despistado...

PRIMEIRA MULLER.- De verdade, señora, tanto me ten...

SEGUNDA MULLER.- Pero a min non! E non me chames señora!

PRIMEIRA MULLER.- Perdón, señorita.

SEGUNDA MULLER.- Nin señora nin señorita! (*Mentres busca.*) A min iso sóame a... a iso, a alguén que vai de señora ou señorita pola vida... E eu diso nada. Se contrato unha persoa para coidar da miña nai non é porque sexa unha señorita. É porque traballo.

PRIMEIRA MULLER.- Ninguén lle di o contrario.

SEGUNDA MULLER.- E traballei toda a miña vida. Que aínda era unha cría e xa me levaba miña nai con ela ao campo... En fin, miña nai non, miña nai é esa que está aí encamada. Miña avoa, quero dicir, pero... para min era miña nai... en fin, era tamén miña nai... quero dicir, eu tiña dúas nais, ou... (*Mentres busca.*) Nalgún sitio ten que haber...

PRIMEIRA MULLER.- Non se preocupe, se...

SEGUNDA MULLER.- Porque eu tamén sei o que é a emigración. En fin, eu non, meus pais. Bueno, eu tamén, en certo modo... Ultimamente non sei onde deixo as cousas... Esta cabeza que... Se cadra é un dos primeiros síntomas de...

PRIMEIRA MULLER.- De que?

SEGUNDA MULLER.- De... (*Acena cara á habitación onde está a nai.*) Pode ser hereditario...

PRIMEIRA MULLER.- Todo o mundo esquece onde deixa as cousas.

SEGUNDA MULLER.- Iso tamén é certo. A min pasoume sempre. Lembro de nena, que me tocara unha rifa... Unha viaxe a París...

PRIMEIRA MULLER.- (*Como movida por un resorte.*) A París!!!!? Que sorte..!

SEGUNDA MULLER.- Coñeces París?

PRIMEIRA MULLER.- ...Non.

SEGUNDA MULLER.- Eu tampouco o coñecía daquela...

PRIMEIRA MULLER.- Faríame tanta ilusión poder ir...!

SEGUNDA MULLER.- Pois a min non me fixo ningunha.

PRIMEIRA MULLER.- Non me diga que non...

SEGUNDA MULLER.- Ningunha. Eu non coñecía París...

PRIMEIRA MULLER.- Pois por iso.

SEGUNDA MULLER.- Pero estaba farta de ir a París.

PRIMEIRA MULLER.- Non entendo...?

SEGUNDA MULLER.- Desde pequena. Todos os anos. Era chegar o mes de xullo e... a París. A pasar un mes cos meus pais. Marcharan emigrados para alá...

PRIMEIRA MULLER.- E non a levaron con eles...

SEGUNDA MULLER.- Non, ao contrario, trouxéronme.

PRIMEIRA MULLER.- Que..?

SEGUNDA MULLER.- Que me fixeron alí e despois...

PRIMEIRA MULLER.- Concibírona en París?

SEGUNDA MULLER.- Iso dicían.

PRIMEIRA MULLER.- Entón iso de que os nenos...?

SEGUNDA MULLER.- Veñen de París..? No meu caso é verdade. Eu vin de París, na barriga de miña nai. Os últimos meses do embarazo xa os pasou aquí, con mamá...

PRIMEIRA MULLER.- ...?

SEGUNDA MULLER.- Coa miña avoa, quero dicir... É que á miña avoa sempre lle chamei mamá. Como foi a que me criou...

PRIMEIRA MULLER.- *(Acenando cara á habitación onde está a nai.)* E entón...?

SEGUNDA MULLER.- En París, traballando...

PRIMEIRA MULLER.- Xa, pero... quero dicir... como lle chamaba a...?

SEGUNDA MULLER.- Á miña nai?

PRIMEIRA MULLER.- *(Acenando cara á habitación da nai.)* ...si... á súa...

SEGUNDA MULLER.- Mentres non aprendín a falar non lle chamaba nada...

PRIMEIRA MULLER.- Xa... claro... e despois?

SEGUNDA MULLER.- Tampouco. Cando chegaban de Francia, no verán, mamá dicíame, quero dicir, a miña avoa... dicíame, mira, a mamá e o papá... E eu... o de papá entendíao, miña avoa era solteira e... no meu mundo non había máis home que o meu pai, inda que estivese lonxe. Pero o de mamá... Como ía ser mamá..? Eu xa tiña unha mamá. Non podía ter dúas. Todos os nenos tiñan unha mamá. Algúns non tiñan pai, ou tíñano lonxe coma min, pero mamá... Unha.

PRIMEIRA MULLER.- E ela..?

SEGUNDA MULLER.- Ela que?

PRIMEIRA MULLER.- Como o tomaba?

SEGUNDA MULLER.- Non me lembro, eu era moi pequena.

PRIMEIRA MULLER.- Pero si que lembra como o tomaba vostede...

SEGUNDA MULLER.- Eu que sei, son cousas que che quedan gravadas e...

PRIMEIRA MULLER.- Seguro que se desvivía... para que sentira vostede o seu agarimo, a súa cercanía...

SEGUNDA MULLER.- Supoño.

PRIMEIRA MULLER.- Non é supor, é sabelo!

SEGUNDA MULLER.- Pois non o sei, qué lle queres. Non o lembro. E ademais... qué importa iso agora?

PRIMEIRA MULLER.- Pois claro que importa! Importa moitísimo! Á súa nai seguro que lle importaba! Ou como pensa que se sentiría sendo recibida como unha estraña pola súa filla? Negada! Suplantada!

SEGUNDA MULLER.- E tíñalle eu a culpa?

PRIMEIRA MULLER.- Tíña ela?

SEGUNDA MULLER.- Máis ca min, en todo caso. Eu... con tres ou catro anos...

PRIMEIRA MULLER.- E despois?

SEGUNDA MULLER.- Despois, que?

PRIMEIRA MULLER.- Cando xa tiña uso de razón...?

SEGUNDA MULLER.- Pois... aprendín que tiña dúas mamás, qué remedio. Unha que estaba pero non era e outra que era pero non estaba. E a que estaba e non era, en realidade, era máis que a que era e non estaba.... (*Pausiña.*) Vaia trapallada, non?

PRIMEIRA MULLER.- Un pouco si...

SEGUNDA MULLER.- Pois así é como eu vivín de nena, atrapallada, querendo saber por

qué a nai que estaba, miña avoa, non podía ser miña nai de todo, como eu quería, e por que a que o era de todo, parecía que non quería selo, porque non quería estar comigo...

PRIMEIRA MULLER.- Non podía!

SEGUNDA MULLER.- Vale, xa o sei. Xa o sei. Non podía.

PRIMEIRA MULLER.- E nunca se preguntou por que?

SEGUNDA MULLER.- Pois claro. E sabíao. Era evidente. O que non sei hoxe é para que?

PRIMEIRA MULLER.- Como?

SEGUNDA MULLER.- Para que, si. A súa vida non foi gran cousa...

PRIMEIRA MULLER.- Para que a súa si o fose...

SEGUNDA MULLER.- Pois aí está o problema, que a miña tampouco o é. Vivo estresada. Teño un traballo que non me gusta...

PRIMEIRA MULLER.- Pero ten un traballo. E se non fose por esa muller non o tería. Ese polo menos non. Sería... non sei o qué, pero médico seguro que non.

SEGUNDA MULLER.- Eu non son médico...

PRIMEIRA MULLER.- Ah, non?

SEGUNDA MULLER.- Non, son enfermeira.

PRIMEIRA MULLER.- Pois ela díxome...

SEGUNDA MULLER.- Xa. (*Pausiña.*) Esa era a súa ilusión...

PRIMEIRA MULLER.- Ah. E non lla cumpriu?

SEGUNDA MULLER.- Pois... E que máis lle dixo?

PRIMEIRA MULLER.- Pouca cousa. Case nunca está lúcida. Fala moito da súa primeira comunión...

SEGUNDA MULLER.- Da miña?

PRIMEIRA MULLER.- Da súa, si. Di que foi o día máis feliz da súa vida. Típico das nais...

SEGUNDA MULLER.- Pois eu non a lembro tan... O vestido, e a festa e todo iso, si, pero...

PRIMEIRA MULLER.- Pero..?

SEGUNDA MULLER.- Que curioso, é un recordo que non me vén demasiado á cabeza, sobre todo o momento concreto de... Se non fose polas fotos... O que si lembro é o día anterior. Tiña que confesarme...: exame de conciencia, dor dos pecados, dicir os pecados ao confesor... Pero eu non tiña pecados, quero dicir, non os topaba na miña conciencia...

PRIMEIRA MULLER.- Normal, aos sete anos que pecados se poden...

SEGUNDA MULLER.- Pero pensei... cisme... deille voltas... Tiña que dicirle algo ao cura... E acabei por dicirle que... que non quería á miña nai.

PRIMEIRA MULLER.- Vaia...

SEGUNDA MULLER.- E púxenme toda contenta...

PRIMEIRA MULLER.- Por non querer á súa nai?

SEGUNDA MULLER.- Non. Non, claro. Por ter un pecado que confesar. Un pecado grande, dos que seguramente ningún outro neno tería. Sentinme importante.

PRIMEIRA MULLER.- Xa...

SEGUNDA MULLER.- Pero a alegría duroume pouco. O tempo que tardou o cura en reporse da sorpresa e dicirme que iso era un pecado gravísimo, un pecado mortal, o máis mortal de todos os pecados para unha nena! Eu xa me vía arder no inferno. E o cura en vez de tranquilizarme, berrábame no oído, “non querer a unha nai é...!”, “non querer a unha nai é...!”. Non debía topar as palabras, porque se repetía... “Non querer a unha nai é...! Abouxábame. Eu quero a unha nai, padre, díxenlle eu, o que non quero é a dúas... Saíume así. O pobre home non entendía nada. Como penitencia mandoume que ao chegar á casa lle fose dar un abrazo a miña nai, o máis grande que puidese, e que lle pedise perdón...

PRIMEIRA MULLER.- E pedíchesllo?

SEGUNDA MULLER.- Non, pero abraceina. Abraceina moi forte. E deille moitos bicos, moitos, moitos... e sentinme ben, moi ben. E miña outra nai, miña avoa, choraba... de alegría... Era tan boa! E abrazounos ás dúas...!

PRIMEIRA MULLER.- E túa nai?

SEGUNDA MULLER.- Coitada. Tamén choraba, claro. Choramos as tres. A partir de entón comecei a ir a París todos os anos. Un mes. No verán.

PRIMEIRA MULLER.- Que ben! Non?

SEGUNDA MULLER.- Si... En fin, non sei... era un pouco raro...

PRIMEIRA MULLER.- Como raro..?

SEGUNDA MULLER.- Na escola había rapaces que ao chegar o verán ían para outras aldeas, cos seus avós. Eu vivía coa miña avoa e ao chegar o verán ía a París cos meus pais. Era como se a miña outra aldea fose París.

PRIMEIRA MULLER.- Unha aldea un pouco grande...

SEGUNDA MULLER.- Non creas... En xullo meus pais traballaban, así que... para min

París era... un piso de cincuenta metros, un barrio de edificios de ladrillo a cara vista... que nin sequera era París, e pouco máis. Despois, cando collían as vacacións viñamos para aldea e... Ate que me tocou aquela rifa...

PRIMEIRA MULLER.- Que rifa?

SEGUNDA MULLER.- A que che dixen, aquela dunha viaxe a París...

PRIMEIRA MULLER.- Ah, si. Vaia coincidencia, non?.

SEGUNDA MULLER.- Xa ves... Eu tería uns trece anos. Era unha excursión organizada. O caso é que perdín a papeleta. Non sabía onde a deixara. Sabía o número de memoria, pero... A verdade é que tampouco me importaba demasiado, total, para ir a París, xa me dirás... e por riba no mes de xullo. O caso é que marchei coma sempre e ao estar alá, cos meus pais, chámanme os da excursión, que estaban en París. Seica miña nai, miña avoa, miña avoa topara a rifa e déralla e... dinme que se quería unirme a eles, pois... E alá fun. En fin, non fun, xa estaba. Unirme ao grupo, quero dicir. Mellor que estar soa na casa...

PRIMEIRA MULLER.- E..?

SEGUNDA MULLER.- Foi marabilloso! Despois de dez anos descubrín o París das postais e das pianolas, souben por que lle chamaban a cidade luz aínda que o ceo estivese tantas veces gris, sobre todo no barrio dos meus pais. Cando subimos á torre Eiffel...

PRIMEIRA MULLER.- Non me digas que nunca...?

SEGUNDA MULLER.- Pois non. Un ano por outro, un ano por outro... Meu pai dicía sempre, “calquera día, ho, calquera día, que présa hai. A torre non foxe de aí. E ademais que ten? É un sitio alto? Alto tamén estou eu enriba do andamio, e mais non me cobran, páganme”.

PRIMEIRA MULLER.- É unha forma de velo, pero en fin...

SEGUNDA MULLER.- Lembro que subín polas escaleiras...

PRIMEIRA MULLER.- *(Con ironía.)* Por non pagar?

SEGUNDA MULLER.- Por gozar da experiencia. Aínda que se cadra... Todo se pega. O caso é que no mirador do último piso hai unhas frechas que indican cara onde están as cidades máis importantes do mundo. Cando vin aquilo, non sei por qué, pero... dei en pensar nos meus pais... A xente pode ter moitos sitios aos que ir, pero ten que ter un sitio no que estar. Un sitio de seu. E os meus pais non tiñan ningún sitio no que estar, nin podían ir a sitio ningún porque, realmente, é como se nunca saíran da aldea, aínda que non estivesen nela.

PRIMEIRA MULLER.- Non comprendo...

SEGUNDA MULLER.- Pois iso.. que alí no alto, tendo o recén descuberto París aos meus pés, sentín enriba miña... o peso do seu fracaso...

PRIMEIRA MULLER.- Como fracaso?!

SEGUNDA MULLER.- Fracaso, si! Fracaso. A emigración é un fracaso! Un fracaso valente, un fracaso heroico, pero un fracaso!

PRIMEIRA MULLER.- Pero... como te atreves? Un fracaso! Claro, xa entendo... Normal, era a primeira vez que a señorita pisaba...

SEGUNDA MULLER.- Díxenche que non me chamaras señorita!

PRIMEIRA MULLER.- Señorita, si, señorita! Unha señorita que por primeira vez pisaba París como turista e non como emigrante. Os turistas pisan distinto que os emigrantes...

SEGUNDA MULLER.- E?

PRIMEIRA MULLER.- E quen pisa distinto, pensa distinto, porque aínda que digan que non debe ser así, finalmente co que pensamos é cos pés. Cos pés! Pensamos distinto se os temos secos ou se os temos mollados, fríos ou quentes, se os calzamos con alpargata ou con zapato, ou con sandalia de guiri, como dicides vós. Pensamos distinto se os usamos para fuxir ou para pasear, se pisamos seguros e despreocupados ou se temos medo a nos afundir en cada paso...

SEGUNDA MULLER .- Carai, que elocuencia..!

PRIMEIRA MULLER.- Que pasa, estrañalle?

SEGUNDA MULLER.- Un pouco si, a verdade...

PRIMEIRA MULLER.- Pois non ten por que estrañarlle. Vostede non sabe quen son.

SEGUNDA MULLER.- Non, claro... En fin, si...

PRIMEIRA MULLER.- Non. Non me coñece de nada. Non sabe a que me dedicaba no meu país nin sabe a que me dedico cando non estou nesta casa...

SEGUNDA MULLER.- Vale, vale... pero... tampouco... tería porque importarme, digo eu...

PRIMEIRA MULLER.- E por que non? Confíame algo tan importante como o coidado da súa nai, así que, sería unha curiosidade lícita, e lóxica. Non sei, se cadra veño aquí só por lembrar que, noutro tempo e noutro lugar, eu tiña un oficio, era enfermeira, coma vostede, pero cando realmente traballo é pola noite... nun club.

SEGUNDA MULLER.- *(Desconcertada.)* Pois... se é así...

PRIMEIRA MULLER.- Se é así que?

SEGUNDA MULLER.- Pois... e eu que sei... a min, con tal de que...

PRIMEIRA MULLER.- Xa, con tal de que non quede durmida aquí polo día...

SEGUNDA MULLER.- Non, muller, non quería dicir iso, é que...

PRIMEIRA MULLER.- E se cadra teño unha filla... que vive no meu país, con miña nai. Unha filla que tamén ten dúas mamás... e tampouco sabe moi ben como chamarme. Que tamén vai facer a primeira comunión dentro duns días e eu nin sequera vou poder estar con ela para que me abrace. Unha filla que quizais merecería que fose certo o de que traballo nun club...

SEGUNDA MULLER.- Ah, porque non é certo...

PRIMEIRA MULLER.- Pois non. Pero non crea, ás veces penso que sería a mellor solución. A máis rápida, polo menos. A emigración é un fracaso, non?

SEGUNDA MULLER.- Muller, eu...

PRIMEIRA MULLER.- Foi o que dixó. E se cadra leva razón, así que canto máis farturento sexa o fracaso, mellor. A fracaso, fracaso e medio. E mire, a alma non sei, pero o corpo pode que preferise fracasar así, que destouta maneira: traballando pola mañá nun sitio, pola tarde noutro, e noutro as primeiras horas da noite, e...

SEGUNDA MULLER.- Desculpa, eu...

PRIMEIRA MULLER.- Non ten porque desculpase. Vostede non ten a culpa. Nin eu. Nin esa muller, nin... Ou témola todos, que vén sendo o mesmo, e... *(Pausa.)* E voume, que xa debería estar picando. Traballo de camareira...

SEGUNDA MULLER.- ..?

PRIMEIRA MULLER.- Nun restaurante, durante a cea. Está aquí cerca, ao final da rúa. *(Índose.)* Pode pasar por alí calquera día e... pagarme. Cando lle cadre.

SEGUNDA MULLER.- Espera...

PRIMEIRA MULLER.- Teño présa.

SEGUNDA MULLER.- As chaves... *(Entrégallas.)*

PRIMEIRA MULLER.- *(Un tempo. Cólleas.)* Ate mañá...

SEGUNDA MULLER.- Ate mañá.

F I N